



CONCELLO DE BEGONTE

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POLO PRAZO DE 8 MESES DE UN POSTO DE PEÓN-TRACTORISTA. (ANUNCIO DE CONVOCATORIA PUBLICADO NO BOP DE LUGO Nº 021, DE 27 DE XANEIRO DE 2020).

Na Casa do Concello de Begonte, sendo as 09.45 horas do día sete de febreiro de dous mil vinte, reúnen-se - baixo a Presidencia de D. Manuel Seijas Ferreiro - os seguintes señores, integrantes do Tribunal que se constitúe para a selección en réxime de dereito laboral temporal de 1 posto de peón - tractorista, a encadrar dentro da Brigada Municipal de Obras e Servizos, segundo o anuncio de convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 021, de 27 de xaneiro de 2020 e de conformidade co previsto nas correspondentes Bases reguladoras.

Presidente:

D. Manuel Seijas Ferreiro, Encargado da Brigada Municipal de obras e servizos do concello de Begonte.

Vogal:

D^a. Sara Martínez Ferreiro, Auxiliar-Administrativo do concello de Begonte.

Secretario:

D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario-Interventor do concello de Begonte.

Previa aceptación dos señores referidos, polo Sr. Presidente declárase constituído o Tribunal de Selección.

Procédese, en primeiro lugar, á realización da proba práctica - por parte dos aspirantes e seguindo a orde de presentación de solicitudes - consistente nunha simulación de desbroce na zona verde do Polígono Industrial de Begonte con tractor-desbrozadora de brazo, atribuíndoselles a seguinte puntuación:

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>PUNTUACIÓN.</u>
FRANCISCO OTERO SANMIGUEL.	5,00

Dado que a proba práctica ten carácter eliminatorio, segundo se establece no punto 5.2 das Bases que rexen a convocatoria, pasan á fase de concurso aqueles aspirantes que acadaron unha puntuación mínima de 3,00 puntos.

Acto seguido e xa nas oficinas municipais, procédese á valoración dos méritos alegados polos solicitantes que superaron a fase de oposición, de conformidade con canto se establece nas Bases que rexerán a convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal de un posto de peón-tractorista do Concello de Begonte do ano 2020, atribuíndolles a seguinte puntuación:



<u>NOME E APELIDOS.</u>	<u>EXPERIENCIA</u>	<u>FORMACIÓN</u>	<u>GALEGO</u>	<u>TOTAL</u>
FRANCISCO OTERO SANMIGUEL	1,80	0,90	0,15	2,85

Finalizada a fase de oposición e a fase de concurso resulta a seguinte **PUNTUACIÓN TOTAL ATRIBUÍDA:**

<u>NOME E APELIDOS.</u>	<u>FASE DE OPOSICIÓN</u>	<u>FASE DE CONCURSO</u>	<u>TOTAL</u>
FRANCISCO OTERO SANMIGUEL	5,00	2,85	7,85

A vista de todo o anterior, e de conformidade coas devanditas Bases reguladoras, o Tribunal de Selección acorda publicar a relación de aprobados no taboleiro de anuncios e páxina web municipal, elevando dita relación ao sr. Alcalde-Presidente e concesión dun prazo de 2 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Rematado o acto, e sendo as dez horas e quince minutos (10.15 h), asíñase polos que interveñen a presente acta en duplicado exemplar.

Os membros do Tribunal de Selección.

